

Unidade 5 A clasificación dos seres vivos

FICHA DE

CONSOLIDACIÓN



Canto sabes?

1. Indica se as seguintes frases son verdadeiras ou falsas.

| | |
|--|--|
| 1. A taxonomía é a rama da ciencia que se encarga de describir e clasificar a diversidade dos seres vivos. | |
| 2. Dentro do taxón orde inclúense varias clases de seres vivos. | |
| 3. O taxón orde é xerarquicamente superior ao da clase. | |
| 4. O reino Protocistas inclúe todos os seres vivos unicelulares. | |
| 5. Os fentos reproducense por sementes. | |
| 6. No reino Protocistas todos os seus membros son heterótrofos. | |
| 7. Os musgos poden vivir en ambientes secos. | |
| 8. As ximnospermas son vexetais caracterizados por reproducirse por esporas. | |
| 9. As anxiospermas divídense en dous grupos: monocotiledóneas e dicotiledóneas. | |
| 10. Todos os cordados posúen columna vertebral. | |
| 11. É unha característica do reino animal posuír simetría bilateral. | |
| 12. Todos os vertebrados son deuteróstomos. | |
| 13. Os moluscos son invertebrados segmentados cuxo corpo presenta pé, masa visceral e manto. | |
| 14. Os crustáceos posúen un par de patas por segmento. | |
| 15. A araña e o cempés pertencen á mesma clase de invertebrados. | |
| 16. Todos os insectos teñen seis patas. | |
| 17. Os cnidarios teñen dúas fases no seu ciclo vital: pólipo e medusa. | |
| 18. Os poríferos posúen células urticantes para atrapar as súas presas. | |
| 19. Os equinodermos posúen simetría radial. | |
| 20. Todos os moluscos posúen cuncha. | |